

E

Estratexia



I. ANTECEDENTES

A programación para **LEADER** correspondente ao período 2014-2020 réxese polo disposto nos artigos do 32 ao 35 do Regulamento UE 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre disposicións comúns referidas aos fondos Feader, Feder, Fondo de Cohesión, FSE e FEMP (fondos EIE) e polo disposto nos artigos do 42 ao 44 do Regulamento UE 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

Por outra parte, o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, regula nos artigos do 42 ao 44 o **desenvolvemento local participativo (DLP) a través dos grupos Leader de desenvolvemento rural (GDR)**.

A **UNIÓN EUROPEA** establece para o período 2014 – 2020 as seguintes **PRIORIDADES**:

1. Fomentar a transferencia de coñecementos e innovación nos sectores agrario forestal e nas zonas rurais.
2. Mellorar a viabilidade das explotacións agrarias e a competitividade de todos os tipos de agricultura e promover tecnoloxías agrícolas innovadoras e a xestión forestal sustentable.
3. Fomentar a organización da cadea alimentaria, incluíndo a transformación e comercialización dos produtos agrarios.
4. Restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura.
5. Promover a eficiencia dos recursos e fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático nos sectores agrario, alimentario e forestal.
6. Fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais.

Todas estas prioridades, contribuirán aos obxectivos transversais de innovación, conservación e mellora do ambiente, mitigación e adaptación ao cambio climático.

II. ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

No **MARCO XERAL DA PAC**, a axuda ao desenvolvemento rural contribuirá, entre outros obxectivos, a lograr un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais, incluíndo a creación e conservación do emprego. Este obxectivo enmárcase dentro da prioridade relativa ao fomento da inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais, facendo especial fincapé en facilitar a diversificación, a creación e o desenvolvemento de pequenas empresas e a creación de emprego.

Tendo en conta as características do territorio e o obxectivo para contribuír á **Estratexia 2020 de “acadar un desenvolvemento territorial equilibrado da comunidade rural, incluíndo a creación e a conservación do emprego”**, a Estratexia do GDR-19 para o período 2014 – 2020, orientarase á consecución prioritaria dos seguintes **OBXECTIVOS XERAIS**:

- Mellorar as condicións para crear e manter emprego, especialmente nas zonas máis rurais do GDR-19.
- Mellorar e implementar servizos para a poboación, de maneira que se mellore o nivel de vida, favorecendo a inclusión social e traballando na redución da pobreza e no desenvolvemento económico xeral do territorio GDR-19.
- Impulsar o desenvolvemento de pequenas infraestruturas e servizos básicos, incluíndo as actividades culturais e de ocio e a rehabilitación do patrimonio rural dos pobos e aldeas do territorio GDR-19.
- Favorecer a ocupación sostible do territorio, con especial atención a os colectivos máis desfavorecidos, en particular, xóvenes, mulleres, discapacitados, etc...
- Garantir a sostibilidade da actividade, mediante unha utilización adecuada dos recursos naturais.
- Fomentar a innovación, a cooperación e o desenvolvemento da base de coñecementos.
- Mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), así como ao uso e a calidade destas nas zonas rurais.
- Promover a eficiencia dos recursos e fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ó cambio climático, incentivando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

- Consolidar o Grupo de Desenvolvemento Rural como un ente canalizador das inquiredas e necesidades que se plantexen no territorio, e á vez, como administrador e xestor dos fondos asignados.

As “Bases Reguladoras para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local e para a selección e recoñecemento dos GDR (DOG Nº 42, 2/03/2016)”, definen a Estratexia de Desenvolvemento Local como un Programa de desenvolvemento local participativo elaborado por un GDR, no que se define unha estratexia integrada e multisectorial, partindo dos recursos e necesidades endóxeos do territorio e se determina o procedemento para a súa aplicación.



O programa de desenvolvemento participativo da Asociación Terras de Compostela, desenvolveuse durante os meses de maio e xuño de 2016, mediante a celebración de nove xuntanzas territoriais nos dez concellos que conforman o territorio, e unha reunión de mesas sectoriais, nas que participaron en torno a 200 persoas (representantes institucionais, das mesas sectoriais, de asociacións, de empresas, de cooperativas, e público en xeral). .

A partir dos resultados obtidos no estudo socioeconómico e do proceso participativo realizado no territorio, detectáronse unha serie de debilidades-ameazas e fortalezas-oportunidades, en base as cales se estableceron unha serie de obxectivos.

Para acadar estes obxectivos, acordouse formular unha **ESTRATEGIA DE DESENVOLVIMENTO LOCAL INTEGRADA E MULTISECTORIAL**, que se desenvolverá en base a cinco eixes prioritarios.

**ANÁLISE
SOCIOECONÓMICA**

**PROCESO
PARTICIPATIVO**

D.A.F.O.

OBXECTIVOS

ESTRATEGIA TERRAS DE COMPOSTELA 2021

PRODUCCIÓN
AGRARIA
E
DIVERSIFICACIÓN
PRODUCCIÓN
AGRARIA

CREACIÓN E
DESENVOLVEMEN
TO DE PEMES

DESENVOLVEMEN
TO TURÍSTICO

INFRAESTRUCTU
RAS E SERVIZOS
BÁSICOS
POBOACIÓN

CONSERVACIÓN E
MELLORA DO
PATRIMONIO
RURAL

FORMACIÓN
COOPERACIÓN

En cada un dos eixes de actuación, a Asociación Terras de Compostela define unha serie de **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**, a partir dos cales se establecerán unha serie de liñas de actuación que determinarán, o tipo de iniciativas que poderán ser subvencionables ao abeiro da estratexia proposta.

Para que os obxectivos se traduzan en accións concretas, estableceuse un plan de acción dentro de cada un dos eixes prioritarios da estratexia, definindo os proxectos tipo que se poderán desenvolver no territorio ó abeiro da Medida Leader.

Como medida transversal aos cinco eixes definidos na estratexia, establécese un Plan de Formación que irá dirixido especificamente á poboación activa do territorio co obxecto de cubrir as necesidades formativas, preferentemente dos diferentes sectores produtivos, e incrementar a empregabilidade da poboación.

Igualmente, como medida transversal fórmase un Plan de Cooperación, co obxecto de mellorar e complementar as actuacións locais, mellorando a súa eficacia e multiplicando os resultados previstos, especialmente no que respecta á promoción e comercialización das producións locais, a diversificación produtiva, a apertura de novas canles de distribución, a promoción e valorización turística dos territorios rurais e a súa valorización cultural e ambiental.

INTEGRACIÓN. A Estratexia, está definida dende un punto de vista multisectorial, tendo en conta todos os multiplicadores e catalizadores locais entre os diversos sectores con presenza no territorio, tales como, a agricultura, turismo, servizos sociais, ambiente, etc....,

A **INNOVACIÓN** está presente nos diferentes eixes que se plantexan na estratexia, a cal se pode manifestar como I+D+i, como implantación de procesos inexistentes ou novidosos no lugar de ubicación, como transferencia de coñecementos, como novas fórmulas de organización ou de comercialización, como novos produtos ou servizos, ou calquera outra manifestación novidosa que aporte valor engadido ao territorio.

O Regulamento 1305/2013, ao especificar os contidos das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo, require que se describan as súas características innovadoras. Para entender o alcance da innovación nas Estratexias, non se pode entender a innovación como un nivel elevado de investigación e desenvolvemento ou novas tecnoloxías (aínda que, evidentemente, estas non quedan excluídas), senón que debe relacionarse cos cambios necesarios na zona de intervención

para acadar un desenvolvemento socioeconómico sostible. A escala local o reducido tamaño das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo impide, loxicamente, que se poidan transformar dunha sola vez as condicións de vida de todo un territorio. Trátase de que teñan un efecto multiplicador no desenvolvemento local e que permitan explorar novas respostas que poidan conducir a solucións da problemática do medio rural, a máis longo prazo e máis sostibles

A Estratexia de Desenvolvemento Local participativo de Terras de Compostela, aborda os seguintes aspectos innovadores:

- **Aparición de novos produtos, servizos e maneiras de facer a nivel local.**
- **Conseguir un efecto multiplicador a través dos proxectos e da Estratexia de maneira global.**
- **Explorar novas maneiras de mobilizar e empregar os recursos e activos existentes no territorio.**
- **Desenvolver procesos de colaboración entre distintos actores e sectores claves no desenvolvemento rural.** O GDR Terras de Compostela conta cun territorio de actuación que abarca 10 concellos; trátase pois, dunha entidade de carácter supramunicipal, o que lle confire a capacidade e a posibilidade de facer de nexo entre as distintas Administracións e actores socioeconómicos que interactúan no territorio, tales como, Xunta de Galicia, Deputación de A Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, Cámara de Comercio, Arzobispado, Asociacións de empresarios, etc. Ademais o GDR conta ca vantaxe de estar composto por socios de carácter público e privado o que facilitará este proceso.
- **Implicar directamente centros e polos de innovación nas políticas e accións de desenvolvemento local.**
- **Ser unha plataforma de innovación social capaz de ampliar estas innovacións e aplicarlas dunha maneira máis xeral mediante o intercambio, a cooperación e as redes.**

Estes aspectos innovadores materialízanse nas seguintes **accións tipo**, recollidas na Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR-19:

- *Accións e investimentos que promovan actividades complementarias á agricultura e gandeiría.*
- *Investimentos de creación ou homologación de centros formativos públicos/privados de formación regrada e non regrada no sector agrario.*

- *Investigación e innovación no sector agrario.*
- *Creación ou mellora de centros de investigación relacionados co sector agrario.*
- *Investimentos e estudos que supoñan a incorporación doutras actividades de carácter complementario que permitan mellorar a viabilidade económica das explotacións ou o rendemento económico do seu titular.*
- *Investimentos realizados por asociacións ou agrupacións de produtores do sector primario, dirixidos á implantación de novas tecnoloxías e procesos que melloren o nivel tecnolóxico e os sistemas produtivos dos seus asociados e teña carácter demostrativo.*
- *Investimentos e estudos encamiñados a buscar novos procesos, métodos ou sistemas relacionados coa transformación de produtos agrarios.*
- *Accións destinadas á comercialización (marketing, venta on-line e outros elementos de inmovilizado).*
- *Investimentos e estudos para a creación e promoción de marcas de calidade e trazabilidade do produto.*
- *Investimentos e estudos destinados a buscar novas formas de comercialización das producións agrarias.*
- *Apoio a investimentos destinados ao aforro enerxético e mellora da eficiencia enerxética.*
- *Apoio a investimentos destinados á implantación de enerxías renovables.*
- *Accións encamiñadas a mellorar o impacto ambiental das empresas agroalimentarias.*
- *Apoio a plans de uso e xestión do solo, encamiñados á mellora ambiental e ao aproveitamento do sector primario.*
- *Apoio a investimentos e estudos que contribuían a implantación no territorio de empresas innovadoras e altamente cualificadas.*
- *Apoio de investimentos destinados á diversificación empresarial.*
- *Apoio a investimentos e estudos para a creación e implantación de marcas de calidade e trazabilidade do produto.*

- *Apoio a investimentos e estudos encamiñados a buscar novas formas de comercialización de produtos, internacionalización, etc...*
- *Apoio a investimentos e estudos en proxectos que promovan a comercialización conxunta de diferentes sectores produtivos.*
- *Apoio a investimentos de creación ou homologación de centros formativos públicos/privados de formación regrada e non regrada.*
- *Apoio á investimentos que supoñan a incorporación de novas tecnoloxías e I+D+i nas empresas.*
- *Apoio á creación ou mellora de centros de investigación.*
- *Apoio a investimentos destinados a crear ou mellorar viveiros de empresas, espazos coworking, etc.*
- *Apoio a investimentos destinados a crear ou mellorar centros de negocios.*
- *Apoio a accións e estudos que promovan o emprendemento, especialmente entre os xóvenes do territorio.*
- *Apoio a accións ou investimentos relacionados coa mobilidade de Terras ou cos programas de actuación da AGADER (plans estratéxicos, actuacións integrais, etc)*

Do mesmo xeito, a innovación está recollida de maneira transversal nos **obxectivos** prantexados na Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR-19:

- *Reactivar a economía das explotacións agrícolas baixo o enfoque do desenvolvemento sostible e a diversificación.*
- *Mellorar a competitividade dos produtores primarios, fornecendo valor engadido aos produtos agrarios e promocionándoos nos mercados locais.*
- *Fomentar a viabilidade das explotacións agrarias cara a actividades non agrícolas, apoiando a procura de novas liñas de negocio que complementen a renda agraria, de forma que se reduza a estacionalidade e se aumente a independencia do sector.*
- *Mellorar a eficiencia enerxética das explotacións agrarias incentivando o emprego de fontes de enerxías renovables ou da implementación de sistemas de xestión ambiental.*
- *Mellorar o aproveitamento e o rendemento da superficie agraria do territorio.*

- *Búsqueda de novas formas de cooperación e asociacionismo entre os produtores agrarios, para procurar iniciativas de maior dimensión, máis rentables e sostibles.*
- *Creación de viveiros de empresas, para que os xóvenes emprendedores poidan iniciar a súa actividade empresarial.*
- *Fomentar o desenvolvemento de actividades empresariais baseadas no emprego das novas tecnoloxías e comercio electrónico.*
- *Fomentar accións que persigan mellorar a eficiencia enerxética e o emprego de enerxías renovables.*
- *Fomento de actuacións dirixidas ao fomento da cultura emprendedora e a iniciativa empresarial entre xóvenes e mulleres.*
- *Impulsar a creación de novas actividades turísticas innovadoras.*
- *Creación e dotación de novos servizos que xeren produto turístico diferenciado, especializado e servizos complementarios.*
- *Fomentar a creación de empresas de servizos auxiliares e complementarios aos peregrinos, tanto en servizos de atención como de actividades paralelas á peregrinación.*
- *Valorizar e promocionar de forma conxunta e coordinada os recursos turísticos do territorio, tentando acadar unha homoxeneidade na promoción turística das distintas Administracións.*
- *Accións innovadoras de promoción, comercialización e implementación de sistemas de calidade.*
- *Promover investimentos para uso público en infraestruturas recreativas, información turística e infraestruturas de turismo a pequena escala.*
- *Mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural.*
- *Reactivar a economía local mediante un desenvolvemento sostible, buscando sinerxias entre o medio ambiente, o patrimonio cultural e o desenvolvemento económico das zonas rurais.*

- *Consensuar entre os actores público-privados, liñas mestras para a xestión do patrimonio rural, considerandoo como un activo para o desenvolvemento do territorio.*
- *Apoiar proxectos relacionados coa mobilización ou recuperación de Terras, incluíndo actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras, permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación de terra agraria.*

O territorio GDR-19 atópase nunha situación favorable para intensificar a incorporación de innovación ás diferentes actividades que se desenvolven no ámbito rural. Precísase incorporar innovación no sentido de explotar outras actividades que permitan diversificar a estrutura produtiva do territorio e en especial a das zonas máis rurais. Como se sinala na análise DAFO e na xustificación das necesidades nas que se basea a Estratexia, o territorio está nunhas condicións excelentes para fomentar modelos agrarios alternativos ao modelo predominante, e a Estratexia do GDR pasa por promovelas.

Con carácter xeral a Estratexia prevé a necesidade de mellorar a formación e a información dos emprendedores en actividades agrarias e non agrarias. Ademais, inclúe medidas específicas para fomentar actuacións innovadoras no territorio, especialmente entre as pequenas e medianas empresas, sobre todo mediante a modernización das súas instalacións produtivas e a mellora do capital humano.

A Estratexia incide especialmente nas posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para o desenvolvemento das empresas como para a mellora da calidade de vida e da capacidade de atracción das zonas rurais.

Polo tanto, a **Estratexia do GDR 19, contempla a innovación desde unha perspectiva transversal, presente no conxunto das actuacións e para os diferentes sectores, a través das medidas de formación, investimentos, desenvolvemento de pemes, servizos locais ou cooperación, entre outras.**

EIXE 1: PRODUCCIÓN AGRARIA E DIVERSIFICACIÓN DA PRODUCCIÓN AGRARIA.

O primeiro Eixe prioritario sobre o cal debemos incidir é o **SECTOR AGRARIO**, sector económico que inclúe os ámbitos referidos ás actividades **agrícolas, forestais, gandeiras, vitivinícolas e mixtas**. O ámbito territorial do GDR-19 está composto por concellos cunha gran vocación agrícola-gandeira e cunha importante riqueza forestal. Tendo en conta as múltiples dificultades polas que atravesamos o sector agrario, especialmente o gandeiro, así como as limitacións establecidas nas presentes Bases Reguladoras, as actuacións a promover irán encamiñadas a acadar os seguintes **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**:

- **Reactivar a economía das explotacións agrícolas baixo o enfoque do desenvolvemento sostible e a diversificación.**
- **Mellorar a competitividade dos produtores primarios, fornecendo valor engadido aos produtos agrarios e promocionándoos nos mercados locais.**
- **Fomentar a viabilidade das explotacións agrarias cara a actividades non agrícolas, apoiando a procura de novas liñas de negocio que complementen a renda agraria, de forma que se reduza a estacionalidade e se aumente a independencia do sector.**
- **Fomentar a innovación na procura dun sector agrario competitivo e sostible.**
- **Mellorar a eficiencia enerxética das explotacións agrarias incentivando o emprego de fontes de enerxías renovables ou da implementación de sistemas de xestión ambiental.**
- **Mellorar o aproveitamento e o rendemento da superficie agraria do territorio.**
- **Fixación de poboación no territorio.**
- **Búsqueda de novas formas de cooperación e asociacionismo entre os produtores agrarios, para procurar iniciativas de maior dimensión, máis rentables e sostibles.**

PRODUCCIÓN AGRARIA E DIVERSIFICACIÓN DA PRODUCCIÓN AGRARIA

PRODUCCIÓN
AGRARIA

DIVERSIFICACIÓN
PRODUCCIÓN
AGRARIA

TRANSFORMACIÓN
PRODUCCIÓN
AGRARIA

COMERCIALIZACIÓN
PRODUCCIÓN
AGRARIA

EFICIENCIA
ENERXÉTICA E
CONSERVACIÓN E
MELLORA
DO AMBIENTE

FORMACIÓN E
COOPERACIÓN

PLAN DE ACCIÓN DA EDLP

EIXE ESTRATÉXICO	LINEAS DE ACTUACIÓN	ACCIÓNS TIPO
I. PRODUCCIÓN AGRARIA E DIVERSIFICACIÓN DA PRODUCCIÓN AGRARIA (actividades agrícolas, forestais, gandeiras, vitivinícolas e mixtas)	Producción agraria	Acc.1: Apoio a proxectos relacionados coa mobilización ou recuperación de Terras, incluíndo actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras, permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación de terra agraria.
	Diversificación da produción agraria	Acc.1: Apoio a accións de diversificación das explotacións do sector primario cara outras orientacións produtivas ou outras actividades. Acc.2: Apoio a accións e investimentos que promovan actividades complementarias á agricultura e gandeiría. Acc.3: Apoio a investimentos de creación ou homologación de centros formativos públicos/privados de formación regrada e non regrada no sector agrario. Acc.4: Apoio a investigación e innovación no sector agrario. Acc.5: Apoio á creación ou mellora de centros de investigación relacionados co sector agrario. Acc.6: Apoio a investimentos e estudos que supoñan a incorporación de outras actividades de carácter complementario que permitan mellorar a viabilidade económica das explotacións ou o rendemento económico do seu titular. Acc.7: Investimentos realizados por asociacións ou agrupacións de produtores do sector primario dirixidos á implantación de novas tecnoloxías e procesos que melloren o nivel tecnolóxico e os sistemas produtivos dos seus asociados e teña carácter demostrativo.
	Transformación produción agraria	Acc.1: Apoio á creación, mellora e ampliación de empresas de transformación da produción agraria. Acc.2: Apoio a Proxectos de incorporación de novas tecnoloxías e innovación no sector agroalimentario. Acc.3: Apoio a investimentos e estudos encamiñados a buscar novos procesos, métodos ou sistemas relacionados coa transformación de produtos agrarios.
	Comercialización produción agraria	Acc.1: Accións que incluían investimentos en inmovilizado destinadas á venda directa e redución de intermediarios. Acc.2: Accións destinadas á comercialización (marketing, venta on-line e outros elementos de inmovilizado). Acc.3: Apoio a investimentos e estudos para a creación e promoción de marcas de calidade e trazabilidade do produto. Acc.4: Apoio a investimentos e estudos destinados a buscar novas formas de comercialización das producións agrarias.
	Eficiencia enerxética e conservación e mellora do ambiente	Acc.1: Apoio a investimentos destinados ao aforro enerxético e mellora da eficiencia enerxética. Acc.2: Apoio a investimentos destinados á implantación de enerxías renovables. Acc.3: Accións encamiñadas a mellorar o impacto ambiental das empresas agroalimentarias. Acc.4: Apoio a plans de uso e xestión do solo, encamiñados á mellora ambiental e ao aproveitamento do sector primario. Acc.5: Apoio a accións e estudos que promovan a eficiencia enerxética.

EIXE 2: CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PEMES.

No segundo eixe de actuación, consideramos prioritario o fomento do emprego e á creación de novos postos de traballo de calidade, mediante a **CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PEQUENAS EMPRESAS** non agrícolas, que conformen un elemento sustancial da economía rural e unha oportunidade para asentar poboación e aumentar a competitividade das zonas rurais.

Neste senso, a Asociación Terras de Compostela promoverá actuacións encamiñadas a acadar os seguintes **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**:

- Potenciar e diversificar a economía do medio rural, mediante a creación dun tecido produtivo variado e arraigado no territorio.
- Reactivación da economía das zonas rurais baixo o enfoque de desenvolvemento sostible.
- Creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias.
- Creación, mellora ou ampliación de todo tipo de servizos para a poboación local.
- Creación de viveiros de empresas, para que os xóvenes emprendedores poidan iniciar a súa actividade empresarial.
- Fomentar e promocionar a artesanía e actividades artesanais.
- Fomentar o desenvolvemento de actividades empresariais baseadas no emprego das novas tecnoloxías e comercio electrónico.
- Fomentar e mellorar o comercio polo miúdo naquelas zonas que o precisen.
- Fomentar accións que persigan mellorar a eficiencia enerxética e o emprego de enerxías renovables.
- Creación de emprego en sectores diferentes ao agrícola e fixación da poboación no medio rural.
- Fomento de actuacións dirixidas ao fomento da cultura emprendedora e a iniciativa empresarial entre xóvenes e mulleres.

CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PEMES

PEMES
ACTIVIDADES
NON
AGRARIAS

SECTOR
SERVIZOS

NOVAS
TECNOLOXÍAS

VIVEIROS DE
EMPRESAS

EFICIENCIA
ENERXÉTICA E
CONSERVACIÓ
N E MELLORA
DO AMBIENTE

FORMACIÓN E
COOPERACIÓN

PLAN DE ACCIÓN DA EDLP

EIXE ESTRATÉXICO	LINEAS DE ACTUACIÓN	ACCIÓNS TIPO
II. CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PEMES (autónomos, pemes)	Pemes actividades non agrarias	<p>Acc.1: Apoio á creación, ampliación e modernización de empresas que consoliden ou creen novos postos de traballo.</p> <p>Acc.2: Apoio a investimentos e estudos que contribúan a implantación no territorio de empresas innovadoras e altamente cualificadas.</p> <p>Acc.3: Apoio de investimentos destinados á diversificación empresarial.</p> <p>Acc.4: Apoio a investimentos relacionados coa artesanía do territorio.</p> <p>Acc.5: Apoio a investimentos e estudos para a creación e implantación de marcas de calidade e trazabilidade do produto.</p> <p>Acc.6: Apoio a investimentos e estudos encamiñados a buscar novas formas de comercialización de produtos, internacionalización, etc...</p> <p>Acc.7: Apoio a investimentos e estudos en proxectos que promovan a comercialización conxunta de diferentes sectores produtivos</p>
	Sector servizos	<p>Acc.1: Apoio a investimentos de creación ou homologación de centros formativos públicos/privados de formación reglada e non reglada.</p> <p>Acc.2: Apoio á investimentos en actividades do sector servizos.</p> <p>Acc.3: Apoio á creación ou mellora de establecementos de comercio polo miúdo.</p> <p>Acc.4: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER</p>
	Novas tecnoloxías	<p>Acc.1: Apoio á investimentos que supoñan a incorporación de novas tecnoloxías e I+D+i nas empresas.</p> <p>Acc.2: Apoio á creación ou mellora de centros de investigación.</p> <p>Acc.3: Apoio á accións de investigación e innovación.</p>
	Viveiros de empresas	<p>Acc.1: Apoio a investimentos destinados a crear ou mellorar viveiros de empresas, espazos coworking, etc..</p> <p>Acc.2: Apoio a investimentos destinados a crear ou mellorar centros de negocios.</p> <p>Acc.3: Apoio a accións e estudos que promovan o emprendemento, especialmente entre os xóvenes do territorio.</p>
	Eficiencia enerxética e conservación e mellora do ambiente	<p>Acc.1: Apoio a investimentos destinados ao aforro enerxético e mellora da eficiencia enerxética.</p> <p>Acc.2: Apoio a investimentos destinados á implantación de enerxías renovables.</p> <p>Acc.3: Apoio a investimentos destinados a empresas que operen no mercado de eficiencia enerxética e a bioeconomía.</p> <p>Acc.4: Apoio a accións e estudos que promovan a eficiencia enerxética.</p>

EIXE 3: DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO.

Os Camiños de Santiago, que discorren por oito dos dez concellos do territorio GDR-19, constitúen un eixe de desenvolvemento turístico diferenciador deste territorio.

Cada ano, Santiago de Compostela recibe máis de catro millóns de turistas. Este feito ten que servir de eixe de desenvolvemento económico non só para a propia cidade, senón que tamén para todos os concellos que a rodean.

Por todo isto, débense promover proxectos e iniciativas en torno aos camiños e demais recursos turísticos do territorio, que contribúan notablemente ao desenvolvemento socioeconómico da poboación.

Neste senso, a Asociación Terras de Compostela, promoverá actuacións encamiñadas a acadar os seguintes **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**:

- Fomentar a modernización e a promoción do sector turístico como un dos principais motores económicos do territorio.
- Reactivar a economía das zonas rurais baixo o enfoque de desenvolvemento sostible.
- Impulsar a creación de novas actividades turísticas innovadoras.
- Creación e dotación de novos servizos que xeren produto turístico diferenciado, especializado e servizos complementarios.
- Creación de emprego no sector turístico e fixación de poboación no rural.
- Fomentar a creación de empresas de servizos auxiliares e complementarios aos peregrinos, tanto en servizos de atención como de actividades paralelas á peregrinación.
- Valorizar e promocionar de forma conxunta e coordinada os recursos turísticos do territorio, tentando acadar unha homoxeneidade na promoción turística das distintas administracións.
- Accións innovadoras de promoción, comercialización e implementación de sistemas de calidade.
- Promover investimentos para uso público en infraestruturas recreativas, información turística e infraestruturas de turismo a pequena escala.
- Fomentar accións que persigan mellorar a eficiencia enerxética e o emprego de enerxías renovables.
- No sector da restauración turística:



- Creación de novos restaurantes que vaian ofertar unha cociña baseada na gastronomía galega tradicional elaborada con produtos do territorio do GDR.
- Investimentos destinados a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas dos establecementos de restauración xa existentes.

➤ **Actividade turística de aloxamento:**

- Creación de novas prazas de aloxamento naqueles municipios polos que transcorre algún dos Camiños de Santiago (agás o Francés) e nos que exista déficit de prazas de aloxamento.
- Creación de novas prazas de aloxamento naqueles municipios nos que se constate unha carencia de prazas de aloxamento.
- Investimentos destinados ao aumento de categoría do establecemento ou a consecución de certificacións de calidade.
- Investimentos destinados a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

NOVAS
EMPRESAS E
SERVIZOS
TURÍSTICOS

MELLORAR A
OFERTA DE
ALOXAMENTO

MELLORAR A
OFERTA
GASTRONÓMI
CA

PROMOCIÓN
DOS
RECURSOS
TURÍSTICOS

EFICIENCIA
ENERXÉTICA E
CONSERVACIÓ
N E MELLORA
DO AMBIENTE

FORMACIÓN E
COOPERACIÓN

Todas as actuacións a financiar en materia turística, estarán supeditadas ás condicións de subvencionabilidade establecidas no Convenio que subscriba a Axencia Galega Desenvolvemento Rural coa Axencia Galega de Turismo.

PLAN DE ACCIÓN DA EDLP		
EIXE ESTRATÉXICO	LINEAS DE ACTUACIÓN	ACCIÓNS TIPO
III. DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO	Novas empresas e servizos turísticos	<p>Acc.1: Apoio á mellora e creación de novas empresas de servizos turísticos no territorio.</p> <p>Acc.2: Apoio a investimentos en prestación de servizos auxiliares aos peregrinos.</p> <p>Acc.3: Apoio a creación de empresas de turismo activo, que desenvolvan as actividades no territorio.</p> <p>Acc.4: Apoio a investimentos que supoñan a implantación de servizos turísticos complementarios a un establecemento de aloxamento e/ou restauración que estea en funcionamento.</p> <p>Acc.5: Apoio a investimentos de creación e dotación de novos servizos que xeren produto turístico diferenciado, especializado, e servizos complementarios.</p> <p>Acc.6: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER.</p>
	Mellorar a oferta de aloxamento	<p>Acc.1: Apoio a investimentos destinados ao aumento de categoría dos establecementos ou a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.</p> <p>Acc.2: Apoio á creación de novas prazas de aloxamento naqueles municipios polos que transcorre algún dos Camiños de Santiago (agás o Francés) e nos que exista déficit de prazas de aloxamento.</p> <p>Acc.3: Apoio á creación de novas prazas de aloxamento naqueles municipios nos que se constate unha carencia de prazas de aloxamento.</p> <p>Acc.4: Apoio a accións e investimentos dirixidos á implantación de sistemas e marcas de calidade.</p>
	Mellorar a oferta gastronómica	<p>Acc.1: Apoio a investimentos de creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras (pazos, patrimonio industrial, etc.).</p> <p>Acc.2: Apoio a investimentos destinados ao aumento de categoría do establecementos ou a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.</p> <p>Acc.3: Apoio a accións e investimentos dirixidos á implantación de sistemas e marcas de calidade, trazabilidade de produtos.</p>
	Promoción dos recursos turísticos	<p>Acc.1: Apoio a investimentos en creación ou mellora de centros de promoción dos recursos e puntos de información turística.</p> <p>Acc.2: Apoio a investimentos de sinalización de recursos turísticos, edición de material promocional, páxinas web, etc.</p> <p>Acc.3: Apoio a proxectos de creación, mellora e conservación de rutas de sendeirismo homologadas pola Federación Galega de Montaña.</p> <p>Acc.4: Apoio a investimentos e estudos destinados a buscar novas formas de comercialización e novos produtos turísticos.</p> <p>Acc.5: Apoio a accións de información e difusión dos recursos turísticos do territorio.</p> <p>Acc.6: Apoio a accións innovadoras de promoción, comercialización e implementación de sistemas de calidade.</p>

	Eficiencia enerxética e conservación e mellora do ambiente	<p>Acc.1: Apoio a investimentos destinados ao aforro enerxético e mellora da eficiencia enerxética.</p> <p>Acc.2: Apoio a investimentos destinados á implantación de enerxías renovables.</p> <p>Acc.3: Apoio a accións e estudos que promovan a eficiencia enerxética.</p> <p>Acc.4: Apoio a accións e investimentos encamiñados ao mantemento do patrimonio paisaxístico e cultural como apoio ao sector turístico.</p> <p>Acc.5: Apoio a investimentos relacionados coa construción de miradoiros así como a eliminación de elementos discordantes na contorna dos mesmos.</p>
--	---	--

EIXE 4: INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS BÁSICOS PARA A POBOACIÓN.

Cunha poboación en progresivo envellecemento, o territorio precisa de iniciativas que contribúan non só a crear emprego, senón tamén a fixar poboación e a mellorar a súa calidade de vida.

O territorio conta con 3 grandes núcleos de poboación urbana, que ano tras ano, absorben poboación xoven das zonas rurais de influencia.

Neste senso, a Asociación Terras de Compostela, promoverá actuacións encamiñadas a crear e mellorar o nivel de servizos á poboación, para acadar os seguintes **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**:

- Mellorar a calidade de vida da poboación que vive e traballa no rural.
- Crear e mellorar as infraestruturas e servizos sociais (gardarías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, etc).
- Promover un envellecemento activo e saudable.
- Promover a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación.
- Promover actividades de lecer, recreativas culturais e deportivas.
- Mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
- Mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural.
- Equiparar as condicións de traballo das zonas rurais coas das cidades.
- Incrementar as posibilidades de negocio das empresas locais.
- Mellorar a competitividade das empresas locais.
- Reactivar a economía das zonas rurais baixo o enfoque de desenvolvemento sostible.
- Creación de emprego e fixación de poboación no medio rural.

INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS BÁSICOS PARA A POBOACIÓN

MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA POBOACIÓN

CREACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS SOCIAIS E CULTURAS

MELLORAR E IMPLEMENTAR SERVIZOS A POBOACIÓN

ACCESIBILIDADE AS TIC

EFICIENCIA ENERXÉTICA E CONSERVACIÓN E MELLORA DO AMBIENTE

FORMACIÓN E COOPERACIÓN

PLAN DE ACCIÓN DA EDLP		
EIXE ESTRATÉXIO	LINEAS DE ACTUACIÓN	ACCIÓNS TIPO
IV. INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS BÁSICOS PARA A POBOACIÓN	Mellora da calidade de vida da poboación	<p>Acc.1: Apoio a investimentos e accións encamiñadas a equiparar o acceso aos servizos á poboación en zonas rurais.</p> <p>Acc.2: Apoio a accións e investimentos que melloren a accesibilidade e a redución de barreiras arquitectónicas</p> <p>Acc.3: Apoio a investimentos en proxectos que melloren as comunicación e a mobilidade da comarca.</p> <p>Acc.4: Apoio a investimentos e estudos que faciliten a prestación de servizos de forma conxunta por parte das administracións.</p> <p>Acc.5: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER.</p>
	Creación e mellora de infraestruturas sociais e culturais	<p>Acc.1: Apoio á creación, rehabilitación ou mellora de infraestruturas básicas para a poboación, que fomenten a inclusión social e a integración.</p> <p>Acc.2: Apoio a creación, mellora e ampliación de centros de inclusión, integración, inserción, etc.</p> <p>Acc.3: Apoio a creación, mellora e ampliación de infraestruturas para a terceira idade, a infancia, etc.</p> <p>Acc.4: Apoio a investimentos en equipamento en centros socioculturais.</p> <p>Acc.5: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER.</p>
	Mellorar e implementar servizos a poboación	<p>Acc.1: Apoio á prestación de servizos á terceira idade e a infancia.</p> <p>Acc.2: Apoio a investimentos en novas empresas de servizos e mellora das existentes nos ámbitos sanitarios, servizos sociais, culturais e deportivos.</p> <p>Acc.3: Apoio á creación ou mellora de empresas de servizos á poboación.</p> <p>Acc.4: Apoio a investimentos destinados a crear ou mellorar proxectos de viveiros de empresas, espazos co-working, etc.</p> <p>Acc.5: Apoio a proxectos ou accións dirixidos á coordinación, asesoramento e prestación de servizos das administración á iniciativa privada e a poboación.</p> <p>Acc.6: Apoio á investimentos en proxectos que permitan a prestación de servizos de interés xeral tomando como base a economía colaborativa e a posta en marcha en común dos recursos de distintos axentes sociais.</p> <p>Acc.7: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER.</p>

	<p>Accesibilidade as TIC</p>	<p>Acc.1: Apoio a investimentos que melloren a accesibilidade ás tecnoloxías da información (TIC) así como o seu uso nas zonas rurais.</p> <p>Acc.2: Apoio a accións e investimentos que equiparen as condicións de traballo das zonas rurais coas cidades.</p> <p>Acc.3: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER.</p>
	<p>Eficiencia enerxética e conservación e mellora do ambiente</p>	<p>Acc.1: Apoio a investimentos destinados ao aforro enerxético e mellora da eficiencia enerxética.</p> <p>Acc.2: Apoio a investimentos destinados á implantación de enerxías renovables.</p> <p>Acc.3: Apoio a accións e estudos que promovan a eficiencia enerxética.</p> <p>Acc.4: Apoio a todos aqueles proxectos ou actuacións que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER.</p>

EIXE 5: CONSERVACIÓN E MELLORA DO PATRIMONIO RURAL.

O quinto eixe prioritario, baseáse na conservación, mellora, fomento e divulgación do **PATRIMONIO RURAL**, englobando no mesmo o **arquitectónico, natural, cultural, etnográfico, etc.**

O territorio do GDR 19 conta cunha importante riqueza natural e patrimonial, motivo polo cal, a Asociación Terras de Compostela incentivará iniciativas que poñan en valor ese patrimonio, mediante a súa conservación e posterior promoción e difusión.

Neste senso, a Asociación Terras de Compostela, promoverá actuacións encamiñadas a acadar os seguintes **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**:

- **Valorizar o patrimonio arquitectónico, cultural, natural e etnográfico do territorio así como dos núcleos rurais das aldeas modelo, programas de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidas pola AGADER, que teñan como obxectivo a valorización do patrimonio natural e de conservación da biodiversidade e do medio natural.**
- **Reactivar a economía local mediante un desenvolvemento sostible, buscando sinerxias entre o medio ambiente, o patrimonio cultural e o desenvolvemento económico das zonas rurais.**
- **Promover o mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio arquitectónico e etnográfico do territorio.**
- **Promover o mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e das zonas de alto valor natural, Red Natura 2000 e demais territorios integrados na rede de espazos protexidos de Galicia.**
- **Posta en valor dos recursos naturais e patrimoniais en torno ós Camiños, para mellorar a oferta turística aos peregrinos.**
- **Consensuar entre os actores público-privados, liñas mestras para a xestión do patrimonio rural, considerandoo como un activo para o desenvolvemento do territorio.**
- **Fomentar un desenvolvemento turístico compatible co medio ambiente.**
- **Incrementar as posibilidades de negocio das empresas locais grazas á conservación e posta en valor do patrimonio rural.**
- **Accións de sensibilización e participación social sobre boas prácticas en materia medioambiental e sobre os instrumentos de mobilización de terra agraria.**

CONSERVACIÓN E MELLORA DO PATRIMONIO RURAL

CONSERVACIÓN E
VALORIZACIÓN DO
PATRIMONIO

PROMOCIÓN E
DIFUSIÓN DO
PATRIMONIO

APLICACIÓN DAS
TIC

MELLORA DA
ACCESIBILIDADE E
SUPRESIÓN DE
BARREIRAS
ARQUITECTÓ
NICAS

FORMACIÓN E
COOPERACIÓN

PLAN DE ACCIÓN DA EDLP		
EIXE ESTRATÉXICO	LINEAS DE ACTUACIÓN	ACCÍONS TIPO
V. CONSERVACIÓN E MELLORA DO PATRIMONIO RURAL (arquitectónico, natural, cultural, etnográfico, etc.)	Conservación e valorización do patrimonio	<p>Acc.1: Apoio a investimentos destinados a conservación e rehabilitación do patrimonio arquitectónico, cultural, natural e etnográfico do territorio</p> <p>Acc.2: Apoio a investimentos destinados á mellora de espazos de valor medioambiental e paisaxístico.</p> <p>Acc.3: Apoio a accións dentro de espazos protexidos que fomenten a asociación necesaria entre paisaxe, medioambiente e sector primario.</p> <p>Acc.4: Apoio a accións de sensibilización ecolóxica e cultural e sobre os instrumentos de mobilización de terra agraria.</p> <p>Acc.5: Apoio a accións e/ou investimentos que persigan a valorización do patrimonio arquitectónico, cultural, natural e etnográfico do territorio, así como dos núcleos rurais das aldeas modelo, programas de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidas pola AGADER, que teñan como obxectivo a valorización do patrimonio natural e de conservación da biodiversidade e do medio natural.</p>
	Promoción e difusión do patrimonio	<p>Acc.1: Apoio a investimentos relacionados coa creación e mellora de equipamentos de uso público do patrimonio cultural e natural.</p> <p>Acc.2: Apoio a investimentos para creación, reforma e acondicionamento de museos, centros de interpretación, aulas da natureza, intervencións arqueolóxicas.</p> <p>Acc.3: Apoio a accións e investimentos de información e difusión dos recursos patrimoniais do territorio.</p> <p>Acc.4: Apoio a accións e/ou investimentos vinculados ou incluídos no programa de actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER. Poderán incluírse tamén actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.</p>
	Aplicación das TIC	<p>Acc.1: Apoio a investimentos que empreguen as TIC en iniciativas de sinalización e/ou información do patrimonio rural.</p> <p>Acc.2: Apoio a investimentos que empreguen as TIC na promoción e difusión dos recursos patrimoniais.</p> <p>Acc.3: Apoio a investimentos vinculados ou incluídos no programa de actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER. Poderán incluírse tamén actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.</p>

	<p>Mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas</p>	<p>Acc.1: Apoio a investimentos dirixidos a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas na contorna do patrimonio rural.</p> <p>Acc.2: Apoio acción e estudos encamiñados a detectar as necesidades de realizar actuacións relacionadas coa accesibilidade e supresión de barreiras.</p> <p>Acc.3: Apoio a investimentos vinculados ou incluídos no programa de actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER. Poderán incluírse tamén actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.</p>
--	--	---

A subvencionalidade das accións e proxectos tipo recollidas nesta estratexia estará supeditada ó recollidos nos diferentes convenios que AGADER poida subscribir con outros organismos, así como coas limitacións sectoriais recollidas nas bases da convocatoria da Medida Leader Galicia 2014-2020.

LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Segundo as bases reguladoras da convocatoria da Medida Leader 2014-2020, por razóns de complementariedade e de coherencia con outras intervencións públicas que incidan sobre o territorio rural galego, establécense a priori limitacións sectoriais referidas a, entre outros, investimentos en actividades económicas do sector servizos, comercio polo miúdo, e centros sociais.

Con respecto a estes 3 sectores o **GDR-19 adoptou os seguintes acordos:**

INVESTIMENTOS EN ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO SECTOR SERVIZOS: Analizadas as necesidades do sector e consultados os diferentes interlocutores públicos e privados do territorio, no proceso de elaboración da Estratexia de desenvolvemento local participativo, acordouse que sexa elixible en todo o territorio, a creación, ampliación e modernización de proxectos do sector servizos, coas seguintes **limitacións:**

1. Proxectos de nova creación: Será obrigatorio a creación mínima de 1,5 UTAs.
2. Proxectos de ampliación e/ou modernización: Será obrigatorio a creación de 1 UTAs.

Todo isto, sen prexuízo de que durante a execución da Estratexia, se establezan novas limitacións ou exclusións, derivadas dos resultados obtidos tanto no Plan de Seguimento como na Avaliación Intermedia do Programa. Todas as modificacións que se establezan na elixibilidade desta tipoloxía de proxectos, respetarán os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência.

INVESTIMENTOS EN ESTABLECEMENTOS DE COMERCIO POLO MIÚDO: Analizadas as necesidades do sector e consultados os diferentes interlocutores públicos e privados do territorio, no proceso de elaboración da Estratexia de desenvolvemento local participativo, acordouse, que sexa elixible en todo o territorio a creación, ampliación e modernización de proxectos de comercio polo miúdo, coas seguintes **limitacións:**

1. Proxectos de nova creación: Será obrigatorio a creación mínima de 1,5 UTAs.
2. Proxectos de ampliación e/ou modernización: Será obrigatorio a creación de 1 UTAs.

Todo isto, sen prexuízo de que durante a execución da Estratexia, se establezan limitacións ou exclusións, derivadas dos resultados obtidos tanto no Plan de Seguimento como na Avaliación

Intermedia do Programa. Todas as modificacións que se establezan na elixibilidade de esta tipoloxía de proxectos, respetarán os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia.

INVESTIMENTOS EN CENTROS SOCIAIS: Analizadas as necesidades de esta tipoloxía de centros, e consultados os diferentes interlocutores públicos e privados do territorio, no proceso de elaboración da estratexia de desenvolvemento local participativo, acordouse:

- a) Non considerar elixibles, os proxectos de creación de novos centros sociais.
- b) Considerar elixibles os proxectos de ampliación, mellora, modernización e equipamento dos centros sociais existentes en todo o territorio elixible na Medida Leader, sen prexuízo de que, durante a execución da Estratexia, se establezan limitacións ou exclusións, derivadas dos resultados obtidos tanto no Plan de Seguimento como na Avaliación Intermedia do Programa. Todas as modificacións que se establezan na elixibilidade de esta tipoloxía de proxectos, respetarán os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia.

Mantense a relación de centros sociais existentes no territorio e o cadro de necesidades identificado no primeiro Plan de Acción da EDLP.